

**IES DE CURTIS**  
**DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**Adaptación DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**cENTRO:**  
**CURSO:**  
**MATERIA:**  
**DEPARTAMENTO:**  
**DATA:**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### 1ºESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Obter unha mellora nas cualidades físicas traballadas segundo o nivel inicial e presentar os resultados individuais e as melloras acadadas así como as conclusións dos test.	Iniciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades de resistencia, flexibilidade e forza xeral desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento
Realizar unha carreira continua de 15 minutos a ritmo individual sen paradas.	Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades
Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas de posta en acción, exercicios xenéricos, específicos..	Obter unha mellora nas cualidades físicas traballadas
Identificar os elementos básicos dos deportes de equipo con balón. Identificar o regulamento básico do baloncesto	Mellora a execución das habilidades motrices comúns aos deportes de equipo: pase, lanzamento, tiro, tendo en conta o nivel inicial amosado
Realizar a técnica de carreiras de forma axeitada, adaptándoa ás diferentes lonxitudes de carreira	realizar un circuíto de carreiras
Utilizar as técnicas corporais básicas das actividades ximnásticas, acrosport, danza ou outras para realizar as actividades de expresión, combinando espazo, tempo e intensidade	Amosar actitudes de deshibición cara as actividades de expresión
Respecta os hábitos de aseo persoal e indumentaria durante todas as sesións	Respectar os hábitos de aseo persoal e actitudes de participación, respecto e comportamento cara ao material e ao resto da comunidade educativa

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**  
**2ºESO**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Respectar os hábitos de aseo persoal e actitudes de participación, respecto e comportamento cara ao material e ao resto da comunidade educatv	Respecta os hábitos de aseo persoal
Realizar unha carreira continua de 15 minutos a ritmo individual sen paradas	Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades
Realizar de forma autónoma os xogos tradicionais plantexados na UD.	Coñece e respectar as normas básicas de comportamentos nos xogos tradicionais da zona
Bádminton: Proba escrita na que o alumno terá que identificar os desplazamentos e golpes básicos, así como o regulamento básico e a historia deste deporte	Bádminton: Mellora o seu nivel de execución respecto ao nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoesixencia e superación
Baloncesto: Coñecer os conceptos básicos de pase, recepción, espazo libre, desmarcarse, marcar,	Mellora a execución das habilidades motrices comúns aos deportes de equipo: pase, lanzamento, tiro, tendo en conta o nivel inicial amosado
Realizar o xesto técnico das diferentes modalidades atléticas de velocidade , ...	Utilizar as técnicas básicas das actividades atléticas de velocidade combinando espazo, tempo e intensidade

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3ºESO

As seguintes UD Didácticas da programación **non terán carácter avaliable**. No caso de traballar con elas máis aló do 13 de marzo só terán carácter diagnóstico e non poderán ser avaliáveis.

- En **3º ESO**: UD Baloncesto II, UD Lanzamientos de Atletismo, UD Patinaxe, UD Actividades con Base Musical, UD Tenis y Padel, UD Orientación.

Os estándares de aprendizaxe, as competencias clave avaliáveis serán aquelas que figuran nas UD . Da programación inicial a excepción das citadas anteriormente. É dicir, aquelas que xa estaban feitas antes do 13 de marzo.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4ºESO

As seguintes UD Didácticas da programación **non terán carácter avaliable**. No caso de traballar con elas máis aló do 13 de marzo só terán carácter diagnóstico e non poderán ser avaliáveis.

- En **4ª ESO**: UD Os Xogos Olímpicos, UD Aerobic, UD Deportes Alternativos, UD Lesiones deportivas, UD Calzado deportivo

Os estándares de aprendizaxe, as competencias clave avaliáveis serán aquelas que figuran nas UD . Da programación inicial a excepción das citadas anteriormente. É dicir, aquelas que xa estaban feitas antes do 13 de marzo.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1ºBAC

As seguintes UD Didácticas da programación **non terán carácter avaliable**. No caso de traballar con elas máis aló do 13 de marzo só terán carácter diagnóstico e non poderán ser avaliáveis.

- En **1º BACHARELATO**: UD Steps, UD Deportes Adaptados, UD Bailes de Salón, UD Primeiros Auxilios, UD Padel.

Os estándares de aprendizaxe e as competencias clave avaliáveis serán aquelas que figuran nas UD da programación inicial a excepción das citadas anteriormente. É dicir, aquelas que xa estaban feitas antes do 13 de marzo.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2ºBAC

As seguintes UD Didácticas da programación **non terán carácter avaliable**. No caso de traballar con elas máis aló do 13 de marzo só terán carácter diagnóstico e non poderán ser avaliáveis.

- En **2º BACHARELATO**: UD Deporte minoritario, UD Sustancias dopantes no deporte, UD Alcohol, drogas e actividade física.

Os estándares de aprendizaxe e as competencias clave avaliáveis serán aquelas que figuran nas UD da programación inicial a excepción das citadas anteriormente. É dicir, aquelas que xa estaban feitas antes do 13 de marzo.

## MODIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Quedan suprimidas desta programación as seguintes actividades

- En **1º ESO**: Ruta de sendeirismo.
- En **2º ESO**: xornada de iniciación á escalada, xornada de remo e piragüismo, ruta de Sendeirismo.
- En **3º ESO**: Actividade de sendeirismo, Xornada de tenis-padel, xornada de iniciación ao surf, xornada de xogos populares.
- En **4ª ESO**: xornada de kayak, xornada de multiaventura, ruta de sendeirismo,
- En **1º BACHARELATO**: ruta de sendeirismo, xornada de tenis e padel, escalada, xornada de deportes para discapacitados, xornada de multiaventura, xornada de surf
- En **2º BACHARELATO**: UD Deporte minoritario, UD Sustancias dopantes no deporte, UD Alcohol, drogas e actividade física.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>Todas as UD didácticas da programación posúen os seus criterios de cualificación relacionados coas competencias clave. A avaliación enfocarase á consecución das competencias clave.</p> <p style="padding-left: 40px;">Estes criterios seguirán así pero a nota final non poderá facerse con notas das UD que non se deron antes o 13 de marzo.</p> <p style="padding-left: 40px;">A nota final poderá verse aumentada en ata 2 puntos para aqueles alumnos que no período de confinamento presenten en data e forma as actividades plantexadas polos profesores deste departamento. Estas actividades serán comunes para todo o alumnado.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Probas telemáticas e traballos audiovisuais ou escritos de recuperación para aqueles alumnos que non tiveran toda a materia superada a data de 13 de marzo.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para determinar a cualificación final empregaranse os seguintes parámetros:</p> <p>En 1º E 2º da ESO a porcentaxe varia lixeiramente sendo a seguinte:</p> <p>4 puntos para a avaliación práctica</p> <p>4 puntos para os contidos actitudinais</p> <p>2 puntos para a avaliación teórica</p> <p>3º da ESO a Bacharelato:</p> <p>3 pts: <u>participación e traballo diario</u>. No que se terá en conta a colaboración cos alumnos, o intento de superación persoal, a atención, a puntualidade, a hixiene despois das sesións,...</p> <p>4 pts: <u>avaliación práctica</u>. Mediante probas prácticas de execución de contidos.</p> <p>3 pts: <u>avaliación teórica</u>. Mediante probas orais e escritas.</p> <p>Esta cualificación poderá aumentar en 2 puntos máximo coa realización en tempo e forma das tarefas enviadas no período de confinamento.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Os/as alumnos/as realizarán un exame teórico perencial e outro práctico, presencial tamén, dos contidos desenvolvidos durante o curso. Soamente se avaliarán aspectos conceptuais e procedimentais, xa que os actitudinais só poden ser obxectivamente avaliados a través do traballo, esforzo e actitude durante o curso (50% polo seu grao de dominio nos contidos de tipo procedimental e 50% polos seus coñecementos de carácter conceptual).</p> <p>No caso de non poder facer estas probas con carácter presencial substituiranse por probas teóricas e prácticas de carácter telemático.</p> <p>Os contidos deste exame serán aqueles que se traballaron antes do 13 de marzo.</p>



<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>Os alumnos coa asignatura pendente avaliaranse polo traballo feito ata o 13 de marzo. No caso de que esta avaliación non fora positiva, o alumno presentará un traballo escrito antes do 12 de maio.</p> <p>Se aínda así, a cualificación non é positiva farase unha proba final en xuño que terá carácter presencial se as condicións sanitarias o permiten ou será substituída por un exame telemático ou un traballo opcional se así o acordan os profesores e os alumnos.</p>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Exámen telemático ou presencial</li> <li>-Traballos escritos ou audiovisuais.</li> </ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	As actividades deste trimestre serán de reforzo, principalmente nos aspectos de condición física para manter nun nivel axeitado o estado tanto físico como
--------------------	--

	<p>anímico do alumnado.</p> <p>Repetición de rutinas de traballo hitt e core que facemos na aula.</p> <p>Visionado de videos e tutoriais de rutinas de exercicios.</p> <p>Pequenos cuestionarios sobre aspectos teóricos das UD xa traballadas.</p> <p>Ampliación dos contidos de carácter teórico que sexan axeitados para o traballo autónomo do alumno. Nivel de dificultade baixo.</p> <p>Videoconferencias se son necesarias para a resolución de dúbidas das tarefas enviadas.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b></p>	<p>Todo o alumnado ten conectividade garantizada. Algúns non teñen capacidade suficiente para o visionado constante de videos pero todos poden entrar na Aula Virtual e empregar o correo electrónico.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Videos e tutoriais de exercicios</li> <li>- Contidos teóricos da Aula Virtual</li> <li>- Materiais comúns nas casas para adaptalos á práctica de actividade física.</li> <li>- Búsquedas nas novas dos xornais.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Esta adaptación da programación publicarase na páxina web do centro e se lle dará publicidade por correo electrónico e por unha mensaxe no Abalar
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.